

ESCOLA DA VIDA

A ciencia do guión

10.04.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Internet trouxo ás nosas vidas unha morea de novidades: permítenos a busca rápida de calquera información, augúranos contactos persoais antes inimaxinables, propociónanos compras a baixo custo, etc. Fixo que aprendésemos novas acepcións dalgunha palabras de uso corrente. Agora falamos de navegar, cando non temos barco nin avión que pilotar, e facémolo polo ciberespazo sen saír do noso cuarto, e, ás veces, comentamos que hai moito tráfico sen nós velo nin na pantalla nin a noso contorno. Axudounos a incrementar o noso vocabulario de inglés. Agora sabemos que un teclado de toda a vida é un keyboard, un contrasinal un password, un rato un mouse, unha mensaxe un e-mail, e así toda unha chea de cousas que día a día imos actualizando sen apenas decatarnos.

Pero ultimamente, si se terán decatado de que moitas persoas que aparecen nos medios de comunicación fano cos seus nomes encadeados por un guión. Non sei se lles chamaría a atención ou, pola contra, pensaron que se debería a que tiñan uns antepasados moi notables. Xa saben, por aquilo de que nalgunhas familias, antes máis que agora, para gardar os dous apelidos dos seus relevantes proxenitores, uníanos por un guión, querendo transmitir, deste xeito, a gloria familiar do seu depositario. Pois equívocanse, esta nova tendencia non ten nada que ver con esa consagrada práctica. Moi ao contrario. Os que lle aplican hoxe o trazo fano para que en Internet sexan buscados como se ámbolos dous apelidos fosen un só.

A estas alturas, poden estar pensando que lles estou tomando o pelo. Nada máis lonxe da miña intención. Esta ocorrencia vén de que os nomes anglosaxóns levan un único apelido, polo que non comprenden que haxa outras culturas que teñan máis, ou, no mellor dos casos, pensan que o primeiro apelido forma parte do nome, por ser un nome composto, e o segundo é o verdadeiro apelido.

A outra razón para usar o guión é que cando un profesional escribe algún traballo de investigación e non o fai en inglés e cos apelidos unidos, os que andan navegando polo ciberespazo nin se molestarán en consultalo nin saberán como indicar a súa autoría.

Por iso, desde o mundo científico adóitanse seguir estas premisas, xa que, segundo din os expertos, o que non está escrito en inglés non vai ser considerado ciencia, senón simple divulgación.